LIVING LAB DE VIGO

Coa aspiración de ampliar a rede de Living Labs de Saúde de Galicia, nace, no ano 2025, o Living Lab de Vigo, que parte dunha iniciativa desenvolta ao abeiro do proxecto Innov4life (cofinanciado polo Programa de cooperación INTERREG VI-A España-Portugal (POCTEP), 2021-2027 para a creación dun ecosistema transfronteirizo de innovación colaborativa en saúde digital.

Este Living Lab establécese no ano 2025 **no Complexo Hospitalario de Vigo (CHUVI), concretamente, nas instalacións do Hospital Meixoeiro**. En consonancia cos obxectivos do proxecto Innov4life, especialízase en demencias e deterioros cognitivos, pero sen prexuízo de que se poidan levar a el outras solucións ou produtos innovadores en materia de saúde.

O Living Lab de Vigo conta con espazos que impulsan a experimentación en contornas do mundo real dos axentes innovadores no eido da saúde, o que permite involucrar a pacientes e profesionais do sistema sanitario galego no testeo, pilotaxe, avaliación e validación de solucións tecnolóxicas de saúde situadas por riba do TRL7. Así, distínguense:

- Espazos de cocreación: espazos propicios para o traballo colaborativo entre empresas e demais axentes, especialmente as persoas usuarias finais dos produtos (profesionais, pacientes, coidadores), no codeseño, coprodución, correvisión de ideas, produtos, prototipos… innovadores.
- Espazos de testeo en contorna real das solucións, produtos ou servizos: trátase de adecuar unha contorna hospitalaria, de atención primaria ou especializada real, ou otra contorna real diversa, con persoas usuarias, para o testeo de produtos, servizos ou solucións innovadores derivados do proceso de cocreación.
- Espazos individualizados de avaliación de resultados, xestión administrativa e de información e entrevista.

A participación de empresas e outras entidades interesadas no testeo, validación ou avaliación dos seus produtos, solucións, servizos innovadores en materia de saúde farase a través de convocatoria pública en concorrencia competitiva, para ata 15 entidades ou proxectos innovadores.

CONSTRUCCIÓN NOVO LIVING LAB DO HOSPITAL MEIXOEIRO DE VIGO

Memoria técnica para a implantación do living lab de saúde de Vigo no Hospital Meixoeiro da Rede de living labs de saúde de Galicia (LABSAÚDE)

DIRECTO A

Como participar no Living Lab de Vigo?

Contacte